

EXTRACTOS DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRA-ORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE SETEMBRO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora accidental:

D^a. M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

Ausentes:

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Acordouse ratificar a urxencia.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 38 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2017.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 38/2017 do día 11 de setembro de 2017.

3.- EXPEDIENTE 4266/2017. LICENZA URBANÍSTICA.

Acordouse corrixir un erro material no informe do Técnico de Agricultura, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2016, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.- EXPEDIENTE 2404/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.

Acordouse corrixir un erro material no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 28/08/17 (punto 2 da acta–informe ou certificación urbanística–exp. 2404/2017), de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

5.- EXPEDIENTE 141/2017. RECOÑECIMENTO E ABONO DE (BIENIOS/TRIENIOS/ETC) AO PERSONAL LABORAL DO CONCELLO.

Acordouse recoñecer de oficio a antigüidade e o pago da mesma correspondente aos trienios polos anos de servizos prestados a este Concello de Lalín de varios traballadores/as laborais e interinos en similares términos que o persoal laboral fixo comparable.

6.- EXPEDIENTE 4234/2017. FACTURAS E CONTAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00065 por importe de 189.405,92 €.

7.- EXPEDIENTE 3755/2017. SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

7.1.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN AGOSTO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

7.2.- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN AGOSTO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

8.- EXPEDIENTE 3975/2017. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA RP 11/2014.

Acordouse aprobar o INFORME NO EXPEDIENTE DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO DE LALÍN Nº RP-11/2014.

9.- EXPEDIENTE 4192/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Acordouse aprobar as “BASES REGULADORAS DO PREMIO DE PINTURA ESCOLAR MESTRE LAXEIRO (EDICIÓN ESPECIAL PIN DO COCIDO)”.

10.- EXPEDIENTE 2545/2017. CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS PARA O ANO 2017.

Acordouse aprobar o expediente para a concesión de subvencións para a celebración de Festas Parroquias para o ano 2017.

11.- EXPEDIENTE 4322/2017. APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA MELLORA DE COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS PARA A BIBLIOTECA.

Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2016 (pocedemento CT235A).

12.- EXPEDIENTE 708/2017. DACIÓN DE CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL. IOBE 2017.

Dáse conta da resolución remitida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria-Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pola que se concede unha subvención ó Concello de Lalín por importe de 25.000 euros para a contratación de 1 persoa/as técnica/as.

13.- EXPEDIENTE 4141/2017. SOLICITUDE DE REINTEGRO

POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DIXITAL.

Quedou pendente para mellor estudo.

14.- EXPEDIENTE 4143/2017. SOLICITUDE DE REINTEGRO POR EXPEDICIÓN DE CERTIFICADO DIXITAL.

Quedou pendente para mellor estudo.

15.- EXPEDIENTE 4243/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE BARRA NAS FESTAS PATRONAIS.

Dáse conta do escrito presentado no que solicita a instalación dunha barra de 3 metros lineales diante do local sito na Praza da Igrexa, núm. 2 Lalín, dende o día 22 ó 26 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

16.- EXPEDIENTE 4292/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA O PECHE DA RÚA ROSALIA DE CASTRO NAS FESTAS PATRONAIS.

Acordouse conceder autorización municipal para o corte da rúa Rosalia de Castro os días 22, 23, 24, 25, e 26 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais en honra a Virxe das Dores para poder ampliar a terraza.

17.- EXPEDIENTE 4289/2017. SOLICITUDE DE PERMISO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES LÚDICAS EN ESPAZOS PÚBLICOS DE LALÍN.

Acordouse conceder autorización municipal para as seguintes actividades:

Sábado día 30 de setembro de 2017 na Praza da Igrexa de Lalín - Remate da campaña “*Volta ao Cole*” do CCA de Lalín:

- Actuación de maxía en horario de 17:00 horas ás 18:00 horas.
- Taller de alimentación saudable para Nenos, en horario de 18:00 horas ás 20:00 horas.

- Sorte de Vales da campaña “*Volta ao Cole*” do CCA de Lalín a partir das 20:00 horas.

18.- EXPEDIENTE 4294/2017. SOLICITUDES DE ALTA NO SERVIZO DE AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse aprobar varias altas de auga e saneamento.

19.- EXPEDIENTE 4300/2017. SOLICITUDE PARA INSTALACIÓN DE INCHABLES E XOGOS PARA NENOS NAS FESTAS DAS DORES 2017.

Quedou pendente para un mellor estudo.

20.- EXPEDIENTE 4357/2017.SOLICITUDE EXPOSICIÓN MOVIL ENERGYTRUCK INICIATIVA DO MUSEO DO GAS DA FUNDACIÓN GAS NATRUAL FENOSA.

Acordouse conceder autorización municipal para a celebración dunha exposición móbil coa intención de transmitir coñecementos relacionados coa enerxía, medio ambiente e patrimonio industrial que permanecerá aberta ó público os días 14 e 15 de decembro de 2017 en horario de 8:00 horas ás 20:00 horas e para elo solicitan unha ubicación para estacionar a unidade móbil en zona céntrica.

21.- EXPEDIENTE 4290/2017. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN DE BARRA NAS FESTAS PATRONAIS 2017.

Acordouse conceder autorización para a instalación dunha barra de 4,77 metros lineais diante do local sito na rúa Avda. Luís González Taboada, núm. 48, baixo Lalín, para o día luns 25 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

22.- EXPEDIENTE 4291/2017. SOLICITUDE OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA MUSEO DEL GAS.

Este asunto esta duplicado co expediente número 4357/2017 polo que o acordo correspondense co adoptado no punto 20 correspondente da presenta acta.

23.- EXPEDIENTE 4333/2017. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DUNHA BARRA DE 3 METROS NA FACHADA DO RESTAURANTE DOÑA MARUJA. AUTORIZACIÓN PARA ACTUACIÓN DUN GRUPO MUSICAL.

Acordouse conceder autorización municipal para a instalación dunha barra de 3 metros lineais diante dun local para os días 22, 23, 24, 25 e 26 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

24.- EXPEDIENTE 4298/2017. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN DE BARRA NAS FESTAS PATRONAIS 2017.

Acordouse autorizar a instalación dunha barra de 6 metros lineais diante dun local para o día 24 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

25.- EXPEDIENTE 4363/2017.SOLICITANDO PERMISO PARA BARRA EXTERIOR EN AVDA/ESTACIÓN, Nº 2.

Acordouse autorizar a instalación dunha dunha barra de 5 metros lineais diante dun local para o día 25 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

26.- EXPEDIENTE 4299/2017. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN DE DÚAS BARRAS NAS FESTAS PATRONAIS 2017.

Acordouse autorizar a instalación de dúas barras de 4,50 metros lineais cada unha diante dun local para o día 25 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

27.- EXPEDIENTE 4334/2017. AUTORIZACION PARA INSTALACION E EXPLOTACION DUNHA BARRA NA BEIRARUA DA PRAZA DA IGREXA Nº 9 OS DIAS DAS FESTAS DE LALÍN.

Acordouse autorizar a instalación dunha dunha barra de 3 metros lineais diante dun local para os días 22, 23, 24, 25 e 26 de setembro de 2017, con motivo da celebración das festas patronais “Virxe das Dores” en Lalín.

28.- EXPEDIENTE 4359/2017. PROCEDIMIENTO CUALIFICACIÓN PARCELAS BANCO DE TERRAS DE GALICIA.

Dáse conta do escrito presentado pola Consellería do Medio Rural-Xunta de Galicia-Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio no lugar da Barcia, núm. 56, Laraño, Santiago de Compostela, de data 18 de setembro de 2017, número de rexistro de entrada 7412, co que achega acordo da Presidenta de AGADER polo que se inicia o procedemento de cualificación de aptitude das parcelas do Banco de Terras de Galicia no Concello de Lalín.

29.- EXPEDIENTE 4358/2017. COMUNICACIÓN DE TITULAR DE PROFESOR DO CONSERVATORIO DE LALÍN.

Dáse conta do escrito remitido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia-Servizo Territorial de Inspección Educativa, con domicilio na Praza da Estrela, núm. 9, 5º, Vigo, de data 4 de setembro de 2017, número de rexistro de entrada 6917, no que comunican que con data de 20 de abril de 2017 o Servizo Territorial de Inspección Educativa de Pontevedra solicitou a entrega de titulación académica dun profesor do Conservatorio.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:55 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.